

O Prestige era un petroleiro de armador grego que levaba bandeira das Bahamas. Fora construído en 1976 no Xapón.

O 13 de novembro de 2002 lanzou un aviso de socorro após sufrir un accidente preto da costa galega. O barco permaneceu no mar durante 6 días sen que as autoridades políticas tomasen ningunha decisión, ata que partiu en dous e afundiú.

Ó pouco tempo comezou a chegar á costa galega chapapote. Os membros do executivo español, daquela liderado por José María Aznar, do Partido Popular, aseguraban que a gravidade do accidente era moito menor do que agardaban. Dicían que o mar, as praias e os caladoiros galegos estaban a salvo porque o propio mar, coa súa bravura, limparía o chapapote.

Nada máis lonxe da realidade. O afundimento do Prestige ocasionou o maior desastre ecolóxico da historia recente de Galicia. A mala xestión dos gobernos da Xunta e de Madrid obrigou ao pobo galego a se valer por si propio e saír ó mar. Confrarías, veciños/as e voluntarios/as de todos os recunchos do mundo asumiron a ardua tarefa de limpar a costa, sen máis ferramentas que a carraxe.

**Youtube: “Marea Negra tras o naufraxio do Prestige”*

1. Busca o significado das palabras subliñadas.
2. Busca: 4 substantivos, 3 adxectivos, 3 tempos verbais diferentes, 4 preposicións, 2 contraccións.
3. Sinala as partes do texto.
4. Fai un resumo do texto.

“Nunca Máis” - La Fuga

Amanece	_____ limpiará
e na _____ todo es _____.	e apague o meu _____
Negro morte	que de tanta _____
vai _____ en esas fronteiras _____.	non para de chorar.
_____...	Nunca _____!
	Nunca _____!
No porto	Nunca _____!
as redes _____,	A marea _____
sen argumento.	dos piratas da mar.
Quedaron neso ollos _____.	
	E os _____ do lugar
Non me canso de soñar	din que _____
que cando _____ o sol	isto xa pasou,
	din que _____ o mar
	_____ negras de _____.

1. Busca os 6 erros (castelanismos) que hai na letra desta canción.